

ACTA ASSEMBLEA EXTRAORDINARIA 27/02/2026

Acta da Asemblea Extraordinaria, celebrada de xeito online o día vinte e sete de febreiro de 2026, dando comezo a mesma en segunda convocatoria ás 19:30 horas, coa asistencia dos seguintes membros asembleístas:

ASISTENTES	ESTAMENTO
1. D ^a . Silvia Lobato Limeres	Asmubal Meaño
2. D ^a . Isabel Quiñoa Regueiro	Club AD. Carballal
3. D. Luis Miguel Rodríguez Fernández	Club Balonmán Arousa
4. D ^a . Montserrat Rey Salorio	Club Bm. Atlántico
5. D. Jesús López González	Club Bm. At. Guardés
6. D. Alberto González González	Club Bm. Cangas
7. D. Marcos Estévez García	Club Bm. Cañiza
8. D ^a . María González Lago	Club Bm. Chapela
9. D. Dario Otón Hermidas	Club Deportivo Bm. Culleredo
10. D ^a Berta González Casares	Club Balonmán Lalín
11. D. Alberto Mouriño Varela	Balonmán Línea 21
12. D. Victorino Novoa Sotelo	Club Bm. Miño
13. D ^a . María Irene Vilaboa Fernández	Club Bm. Moaña
14. D ^a . María Torrente Rodríguez	Club Balonmán Narón
15. D. Jose Francisco Armesto Pena	Club Bm. Reconquista de Vigo
16. D. Ezequiel Álvarez Castro	Club Bm. Ribadosar
17. D. Victor Manuel Dorado Rey	Club Balonmán Seis do Nadal
18. D. Agustín Martínez Barros	Club Bm. Tui
19. D ^a . Miguel A. Barbeira García	Club Bm. Xallas
20. D. Abel Estévez Carrera	Club Bm. Porriño
21. D. Manuel Castro Otero	Club Bueu Atl. Bm.
22. D. Santiago Picallo Búa	Club Cisne Bm.
23. D. Ivan Reinaldo Vallejo	Club Deportivo Cultural Ribeiro
24. D. José Antonio Rodríguez Fraga	Club EBM. Xiria
25. D. Óscar Fernández Martínez	Club Bm. Luceros
26. D. Andrés Senra Pregar	Asociación Deportiva Atlético Novás
27. D. Carlos García Allen	Club SD. Teucro
28. D ^a . Wallace Moreira de Salles	Sanxenxo Balonmán
29. D. Rita Couñago Míguez	Sociedad Atlético Redondela
30. D. Francisco Javier Abalde Caride	Club UB. Lavadores
31. D. Miguel L. Rodríguez Suárez	Club Fem. Bm. Brigantium
32. D. Pablo Manuel Barreiro Suárez	Árbitro
33. D. Victor Manuel Rivera Diz	Árbitro
34. D. Anxo Otero Sieiro	Adestrador
35. D ^a . Ana Alonso Fragua	Xogadora

Bruno López da comezo á reunión ás 19:33 minutos agradecendo a asistencia de todos os estamentos que se atopan na mesma e explica que o motivo principal da xuntanza: o proceso electoral para os órganos de goberno da Federación Galega de Balonmán, comenta que a Asemblea durará o que os/as asistentes queiran, que el espera expor o proceso en quince minutos, que por favor realicen as preguntas e o paren no momento que no momento que o precisen.

O presidente comeza coa orde do día e comparte o apartado web da Federación Galega de Balonmán, explicando onde se atopa o apartado “ELECCIÓN 2026” e aclarando que aí se atopa toda a información do proceso electoral, debidamente actualizada e con circulares aclaratorias dos aspectos do proceso que se están a levar a cabo.

Bruno López proxectou unha infografía resumo coas sete fases do proceso (aclarou que está colgada na web), e foi explicando de xeito pormenorizado cada unha delas. O presidente insistiu en que é un proceso longo que trata de buscar a máxima transparencia na súa execución, pero que a duración moitas veces causa o efecto contrario e fai que a xente desconecte, e que por este motivo, a Federación Galega de Balonmán tratará de manter enganchados a todos os estamentos ao proceso, informando periodicamente por todas as vías dispoñibles e tratando de publicitalo ao máximo. Bruno López pediu aos clubs que ademais de toda a información que se poida enviar dende a federación, por favor cada club publicite e informe do proceso aos seus federados/as; ademais explicou a importancia da revisión dos censos e o modo de eliminar as duplicidades se non hai solicitudes, tal e coma sinala o regulamento e o Decreto 16/2018 que regula todos os procesos electorais.

O presidente informou da reunión mantida o venres pasado por parte da Comisión Delegada, e detallou un por un, os membros elixidos por este órgano para a Comisión Xestora da Federación Galega de Balonmán, aclarando que no momento que algún decida presentarse para calquera dos órganos de goberno da federación (presidencia ou Asemblea) deberá dimitir e subirán os suplentes pola orde indicada. Comenta tamén que a acta da Comisión Delegada xa figura na web e tamén o certificado de nomeamento da Comisión Xestora. Ezequiel Álvarez, presidente do Bm. Ribadosar pregunta se a incompatibilidade coa Comisión Xestora é tamén para candidatos/as á Asemblea ou tan só para candidatos/as á presidencia da federación e Bruno aclara que é para calquera órgano de goberno do ente federativo: Presidencia, Xunta Directiva, Asemblea e Comisión Delegada.

Bruno López comenta que hai que elixir á xunta electoral, que é clave para que o proceso sexa transparente e adecuado á normativa, e que ata o día de hoxe non houbo voluntarios/as, pero que aínda que a federación ten unha proposta, que lle costou moito traballo acadar, prefere que alguén dos presentes se o estima oportuno, forme parte da mesma; chegando a preguntalo en tres ocasións, finalmente non houbo candidatos/as para a xunta electoral. Bruno López realizou a proposta para a composición da mesma, e comenta que esas persoas estarían dispostas a asumir a responsabilidade que implica o cargo, e que ademais, os tres titulares son graduados en dereito, o presidente é totalmente externo ao balonmán, algo que é recomendable, aínda que haxa que destinar recursos económicos a profesionalizar esta figura. Todas as persoas asistentes amosan o seu acordo coa composición da Xunta Electoral proposta, que é a seguinte:

Titulares:

- **Javier Nogueira Garrido**, "cofundador de Dominguez y Nogueira Abogados" (Graduado en Dereito e Máster en avogacía, colexiado actualmente dentro do Ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra).
- **Alberto Prieto Álvarez** (Graduado en Dereito).
- **Carlos Rodríguez Vicente** (Graduado en Dereito).

Suplentes:

- Alberto Rodríguez Rodríguez
- Catarina Adao Otero
- Nerea Bouzón Couñago

Bruno López agradece pechar este tema, porque cos condicionantes marcados no Decreto que regula o proceso non foi nada doado atopar persoas dispostas a asumir a regularidade e a responsabilidade que implica o proceso, e dende a federación tense moi claro que hai que envitar situacións de amizade, parentesco, etc..., que poidan diminuír a transparencia do proceso.

Bruno López comenta que hai que dar paso ás votacións, que todas as persoas dispoñen dende hai varios días dos tres documentos que se someterán á votación e que lembra que todos eles someteranse ao criterio da asemblea condicionados ás posibles modificacións que poida propoñer a Secretaría Xeral Para o Deporte. Comezan as votacións:

1. Aprobación, se procede, do **Código de Bo Goberno** da Federación Galega de Balonmán, condicionado ás posibles modificacións que poida resolver a Secretaría Xeral Para o Deporte. **Queda aprobada por trinta e cinco votos a favor, cero en contra e cero abstencións.**
2. Aprobación se procede do **Regulamento Electoral**, condicionado ás posibles modificacións que poida resolver a Secretaría Xeral Para o Deporte. **Queda aprobada por trinta e cinco votos a favor, cero en contra e cero abstencións.**
3. Aprobación se procede do **Calendario Electoral**, condicionado ás posibles modificacións que poida resolver a Secretaría Xeral Para o Deporte. **Queda aprobada por trinta e cinco votos a favor, cero en contra e cero abstencións.**

Bruno López agradece a axilidade e a confianza da Asemblea, e comenta que o calendario está pensado para que o grupo de goberno que gañe as eleccións poida xestionar a tempada deportiva dende o seu inicio, por iso o actual grupo directivo está a traballar para deixar todos os acordos pechados antes do inicio do proceso e disolución dos actuais órganos de goberno. O presidente recomenda que pase o que pase, na Asemblea Ordinaria de xuño ou xullo, se leven propostas para cambiar o número mínimo de licenzas por equipo, incentivar a formación técnica e modificar o Regulamento de Réxime Disciplinario en aspectos básicos mellorables.

Bruno López comenta o punto no que está o circuíto de 5x5 de Balonmán na Rúa coa Deputación da Coruña, e que se están facendo as xestións para Pontevedra, así que os clubs interesados en albergar unha proba, que o transmitan antes do mércores da semana próxima, que aínda que non sexa unha garantía, a federación trasladará o interese ás deputacións.

Deste xeito e sen preguntas por parte dos/as assembleístas, ás 20:12 horas, o presidente da por pechada a Asemblea, en Vigo a 27 de febreiro de 2026.

Asdo:

O Presidente:



Don Bruno López Molina



A Secretaria Xeral:



Dona Carla Abad Alonso